

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS  
PERMANENTES EN DATA 20 DE ABRIL DE 2023**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E  
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

**ROGOS E PREGUNTAS**

**Rogo de Alternativa dos Veciños presentado por escrito**

“Rogan que se facilite a factura desagregada da factura destinada á subministración de rótulos e catering para a nova denominación da biblioteca municipal Maria Pita”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que a remitirá por correo electrónico.

**Pregunta de Alternativa dos Veciños presentada por escrito**

“Ven que se convocou a Mesa Local de Comercio o pasado 29 de marzo. Poderían dar traslado dos asuntos tratados e as decisións tomadas”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Alcantarilla Rei quen, unha vez concedido, di que se convocou porque este fin de semana se volve a celebrar unha feira de existencias e tamén a feira de oportunidades que se solicitou á Deputación provincial da Coruña.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN,  
MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

**ROGOS E PREGUNTAS**

### **Rogos de Alternativa dos Veciños presentados por escrito**

“1º.- Rogan se comparta entre os diferentes grupos e membros da oposición a previsión de rozas dos viarios municipais para esta campaña.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen di que acepta o rogo.

O Sr. Varela Fraguio procede á lectura do segundo rogo que di:

“2º.- Vendo que a marquesiña que se comprometeron a reparar nas pasadas comisións segue sen solucións volven a insistir en que se poña solucións para a citada marquesiña, aínda que se trate de solucións temporais.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen di que acepta o rogo; que se amañará tan pronto sexa posible.

### **Rogo de Ciudadanos Partido da Cidadanía presentado oralmente**

“Se existe algún informe técnico sobre a viabilidade e funcionalidade da rotonda proposta polo goberno no Temple-saída AP-9, roga que se lle facilite, dado que se están a recoller sinaturas e que dende a Alcaldía se emitíu unha nota de prensa informando que se tiña feita a petición á Subdelegación do Goberno”.

O Sr. alcalde di que non o hai, porque o ten que facer a Administración competente, que é Fomento.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Garcia Hidalgo quen manifesta que non sabe se é viable solicitar sinaturas sen haber ningún estudo ao respecto e pregunta se se pode ter copia da petición do concello.

O Sr. alcalde intervén e responde que si. A Sra. Garcia Hidalgo roga que se lle envíe.

### **Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito**

“1ª.- Cando está prevista iniciar a campaña de rozas de viarios municipais?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen manifesta que estima comezar con medios propios a primeira semana do mes de maio.

O Sr. Varela Fraguio procede á lectura da segunda pregunta que di:

“2ª.- Ven que os distintos lotes para a mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública, se lles está a ampliar os prazos de execución da obra. Poderían trasladar os motivos de ditos atrasos?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen manifesta que é un tema estenso e intentará resumilo; que se notificou ao concello por parte do director xeral do IDAE a concesión da prórroga; que a situación é que durante a execución da obra continúa a escaseza de materias primas, a falta de subministración de componentes electrónicos e tamén a alza dos prezos do mercado durante o ano 2022; que xurde a necesidade de implementar unha serie de melloras propostas na oferta.

O Sr. Varela Fraguio manifesta que a terceira pregunta xa a dá por contestada coa anterior resposta pero a le igualmente.

3ª.- Existe algún estudo previo para a implementación da rotonda que anunciaron en prensa que se quere habilitar no acceso da AP-9 dende o polígono do Temple?”

O Sr. alcalde intervén e manifesta que don Angel del Río, xefe da Demarcación, lle comunicou que estaba estudando a posibilidade de dar un acceso na rúa A Coutelana; que o concello non realizará o estudo por eles.

O Sr. Varela Fraguio procede á lectura da cuarta pregunta que di:

“4ª.- Vendo que nas actas da Xunta de Goberno Local se trae a “recuperación do xardín da Casa da Arrigada”. Queren que se lles informe sobre orzamentos, fontes de financiamento e prazos de contratación e execución previstos”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen manifesta que quere aclarar que este asunto se reflicte nos informes das resolucións de Alcaldía e concelleiros delegados de área; en concreto, é a resolución 98/2023, do 25 de xaneiro incluído na Xunta de Goberno Local do día 31 de xaneiro; que non é un acordo da Xunta de Goberno Local; que é unha resolución de Alcaldía respecto dunha solicitude de subvención a Agader por importe de 50.000,00 euros para a execución da actuación de “Recuperación do xardín da Casa Arrigada”; que se está á espera de se se concede ou non esta subvención.

#### **Preguntas do Bloque Nacionalista Galego presentadas oralmente**

“Respecto as obras en San Bartolomeu Pravio

1ª.- Houbo queixas veciñais?

2ª.- Se informouse aos veciños antes de facer a obra?

3ª.- Se están a executar correctamente as obras?

O Sr. alcalde manifesta que contestará por escrito.

A seguir, o Sr. Cubeiro Fernández formula a seguinte pregunta:

Se sabe algo respecto dos roubos que ultimamente están a acontecer no municipio respecto dun suposto punto de venda de heroína en Socampo e sobre determinados actos presuntamente delictuosos.

O Sr. alcalde di que coñece o que se publicou na prensa respecto do roubo nunha cafetería; que respecto dos restantes temas, non sabe nada ao respecto; que lle preguntará ao xefe da Policía local e que informará a todos respecto disto.

#### **Preguntas de Ciudadanos Partido da Cidadanía presentadas oralmente**

1ª.- En que situación está a solicitude ao Ministerio de Transportes, Movilidade e Agenda Urbana de cesión de uso dos terreos laterais á AP-9 nas inmediacións do campo de fútbol de Lendoiro, na Barcala?.

2ª.- Existe algunha proposta para variar a media rotonda que fixo a Deputación na intersección de Brexo Lema en dirección a Bribes para a súa ampliación como rotonda circular?.

O Sr. alcalde intervén e di que respecto da primeira pregunta o mirará e lle contestará; que en canto á segunda pregunta, a data do día de hoxe, que el saiba non está previsto.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen manifesta que no seu momento se estudou e que as dimensións da vía non daba para facer unha rotonda enteira. O Sr. alcalde engade que o mirarán de novo e que se contestará por escrito.

#### **Pregunta presentada oralmente por dona María Jesús González Roel, concelleira non adscrita**

“En canto ao problema de tráfico na zona do Paraugas e costa da Tapia, no Temple, pregunta se é viable pintar un enreixado de cor amarelo na rotonda para que os vehículos que van de Cambre en dirección A Coruña para acceder á AP-9 poidan circular e evitar así as longas caravanas que se forman; e que se faga a solicitude á administración competente.”

O Sr. alcalde contesta dicindo que é competencia da Xunta de Galicia; que se fixeron varios estudos dende a Policía local do Concello; que se remitiron estes estudos á Xunta de Galicia e que non contestou.

A Sra. González Roel intervén e di que a mesma situación se produce na costa da Tapia para acceder á rúa Constitución.

#### **COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL**

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

#### **Rogos de Alternativa dos Veciños presentados por escrito**

“1º.- A pasada campaña de verán “O verán xa está aquí” do departamento de Xuventude presentouse moi preto das datas de execución das actividades do programa. E que lles chegaron certas queixas polas dificultades das familias en canto á organización, visto que outras administracións xa deron a coñecer os programas recentemente.

Rogan que este ano se presente a campaña con máis antelación para que así facilite as posibilidades de conciliación das familias.”

O Sr. Mallo Castro di que acepta o rogo; que, de feito, se anunciará mañá mesmo a campaña con todos os detalles, como son as idades dos nenos e nenas e da mocidade a quen vai dirixida a campaña, lugar de celebración e os prazos de inscrición.

A Sra. Sánchez Vieites procede á lectura do segundo rogo que di:

“2º.- Vendo a gran convocatoria que se está a facer pola participación do Club de Baloncesto de Cambre na fase final de ascenso á liga EBA, cren que por non facer distincións e fomentar os parámetros de igualdade de trato con outras disciplinas e con outros clubs.

Rogan que a maneira de difundir os éxitos deportivos dos clubs e deportistas dos municipios sexa igualitaria.”

O Sr. Mallo Castro intervén e manifesta que neste caso non pode aceptar o rogo; que esa difusión de maneira igualitaria xa se está a facer; que o departamento de Deportes entende que unha fase de ascenso á liga EBA é suficientemente importante; que dende sempre, dende Deportes xamais se fai unha distinción entre ningún tipo de deporte e deportista; que calquera tipo de acto, competición ou actividade que realicen os clubs ou deportistas a nivel individual que se comunica di que se fai a difusión que se cre conveniente ou que se solicita por parte dos clubs; que entende, humildemente, que non hai diferenza entre distintos clubs.